



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Aprobación definitiva da modificación do artigo 6 da Ordenanza fiscal número 8, reguladora da taxa pola subministración/distribución de auga do Concello de Melide

EDICTO

Elevado a definitivo o acordo adoptado polo pleno en sesión ordinaria celebrada o día 7 de outubro de 2025 sobre modificación do artigo 6 da Ordenanza municipal número 8, reguladora da taxa pola subministración/distribución da auga, publicado no BOP número 195, de 13/10/2025, e unha vez transcorrido o prazo de trinta días hábiles sen que se teña presentado ningunha reclamación, publícase o texto da modificación do artigo 6 da Ordenanza número 8, reguladora da taxa pola subministración/distribución de auga, que quedaría redactado como segue:

“Artigo 6º–COTA TRIBUTARIA.

Cota por subministración de auga: a cota tributaria en concepto de taxa por subministración de auga potable resulta de aplicar á base impoñible o prezo por metro cúbico de consumo de auga, segundo segue:

Tarifas do servizo de abastecemento:

1.–Abonados domésticos e comerciais:

1.1.–Mínimo de 10 m³ mes: 0,4653 €/m³

1.2.–Excesos: 0,5887 €/m³

2.– Usos industriais e obras:

2.1.–Mínimo de 30 m³ mes: 0,5341 €/m³

2.2.– Excesos: 0,6571 €/m³”

A modificación entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría e o texto da modificación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Melide, 26 de novembro de 2025

O alcalde en funcións,

Xosé Igrexas García

Documento asinado electrónicamente.

2025/7902